



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

##### *Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo sobre disfrute de días inhábiles para o ano 2022, de conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para as Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, (Código 27000475011982) asinado o día 20 de xaneiro de 2022, pola representación empresarial e das centrais sindicais CC.OO. (44,96%), U.G.T. (27,91%) e C.I.G. (23,26%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

**PRIMEIRO:** Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

**SEGUNDO:** Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 18 de febreiro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

#### ASISTENTES

##### Pola Parte Empresarial:

##### ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAS METALÚRXCOS DE LUGO:

VÍCTOR FERREIRO SEGADE.- DNI 33842233X

SUSANA GONÇALVES CORREIA.- DNI 33624391J

JOSÉ FRANCISCO DORADO LÓPEZ.- DNI 33807984P

##### ASOCIACIÓN DE INSTALADORES ELECTRICISTAS E DE TELECOMUNICACIONES DE LUGO

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA.- DNI 76615013V

MANUEL MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33858993A

##### ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS CALEFACTORES E FONTANEROS DA PROVINCIA DE LUGO

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.- DNI 76573003T

##### ASOCIACIÓN DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE LUGO:

LUÍS MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33848810D

MANUEL RÍO VIDAL.- DNI 33831303M

SABELA GÓMEZ CARREIRA. DNI 33558985F

CONCEPCIÓN VILLAR VARELA.- DNI 33848925D

##### Asesor

IGNACIO PÉREZ DE OLIVEIRA.-DNI 33323222V

**Polas Centrais Sindicais:****CC.OO. [44,96%]**

JOSÉ LUÍS LÓPEZ ÁLVAREZ.-DNI 34256814Q

MANUEL PAZ FLORES.-DNI 33850075D

ALBERTO REY VALIN.- DNI 33537604Q

MANUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ PÉREZ.- DNI 33306311B

DIEGO INDALECIO FERNÁNDEZ ARIAS.- DNI 33338293T

JACOBO BERMÚDEZ GUERREIRO.- DNI 33999929V

ÓSCAR GARCÍA SÁNCHEZ.- DNI 34880379M

**UGT [27,91%]**

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ.- DNI 11922182V

LUÍS MARTÍN CARDOSO BALSA.-DNI 76405317F

JOSÉ LUÍS PRADO FERNÁNDEZ.-DNI 33860027W

DIEGO JOSÉ CHAO RUBAL.- DNI 33998011D

**CIG [23,26%]**

GERARDO VILLAR DORADO.-DNI 33314237W

SUSANA RIVEIRA FERNÁNDEZ.-DNI 33849718C

JOSÉ MANUEL PEÑA ABEIJÓN.-DNI 11407267A

JORGE RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- DNI 76939438E

**Asesor**

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ.- DNI 76578117P

En Lugo, sendo as 12.30 horas do día 20 de xaneiro de 2022, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

**ACORDOS:**

**Primeiro.-** De conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, para os supostos nos que tivera lugar na anualidade un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.772 horas, cada traballador/a disfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 16 de maio de 2022
- 31 de outubro de 2022
- 7 de decembro de 2022
- 26 de decembro de 2022
- 4 horas na xornada do 30 de decembro de 2022

**Segundo.-** Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

**Terceiro.-** Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2022 do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: Víctor Ferreiro Segade López	Fdo.: Susana Gonçalves Correia	Fdo.: José Francisco Dorado
Fdo.: José Eduardo Fernández Vila Fernández	Fdo.: Manuel Montouto Illán	Fdo.: Fernando Fernández
Fdo.: Luís Montouto Illán	Fdo.: Manuel Río Vidal	Fdo.: Sabela Gómez Carreira
Fdo.: Concepción Villar Varela	Fdo.: Ignacio Pérez de Oliveira	Fdo.: José Luís López Álvarez
Fdo.: Manuel Paz Flores Pérez	Fdo.: Alberto Rey Valín	Fdo.: Manuel Ángel Fernández
Fdo.: Diego Indalecio Fernández Arias	Fdo.: Jacobo Bermúdez Guerreiro	Fdo.: Óscar García Sánchez
Fdo.: Carlos García Vázquez	Fdo.: Luís Martín Cardoso Balsa	Fdo.: José Luís Prado Fernández
Fdo.: Diego José Chao Rubal	Fdo.: Gerardo Villar Dorado	Fdo.: Susana Riveira Fernández
Fdo.: José Manuel Peña Abeijón	Fdo.: Jorge Rodríguez Rodríguez	Fdo.: Alfonso Losada Rodríguez

Lugo, 18 de febreiro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0350

### *Anuncio*

#### **CONVENIOS COLECTIVOS**

Visto o texto do acordo sobre disfrute de días inhábiles para o ano 2022, de conformidade co previsto no artigo 15 B) do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo (Código 27000185011982), asinado o día 20 de xaneiro de 2022, pola representación empresarial e das centrais sindicais CC.OO. (38,89%), UGT (38,89%), CIG (13,89%) como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

**PRIMEIRO:** Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

**SEGUNDO:** Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 18 de febreiro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

#### **ASISTENTES**

Pola Parte Empresarial:

ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAS METALÚRXCOS DE LUGO:

VÍCTOR FERREIRO SEGADE.- DNI 33842233X

SUSANA GONÇALVES CORREIA.- DNI 33624391J

JOSÉ FRANCISCO DORADO LÓPEZ.- DNI 33807984P

ASOCIACIÓN DE INSTALADORES ELECTRICISTAS E DE TELECOMUNICACIONES DE LUGO

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA.- DNI 76615013V

MANUEL MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33858993A

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS CALEFACTORES E FONTANEROS DA PROVINCIA DE LUGO

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.- DNI 76573003T

ASOCIACIÓN DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE LUGO:

LUÍS MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33848810D

MANUEL RÍO VIDAL.- DNI 33831303M

SABELA GÓMEZ CARREIRA. DNI 33558985F

CONCEPCIÓN VILLAR VARELA.- DNI 33848925D

Asesor

IGNACIO PÉREZ DE OLIVEIRA.-DNI 33323222V

**Polas Centrais Sindicais:****CC.OO. [38,89%]**

HÉCTOR CARLOS ORTEGA SÁNCHEZ. DNI 33345561T

JUAN ZAS CANDAME.- DNI 32760146G

**UGT [38,89%]**

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ.- DNI 11922182V

DIEGO BARRIOS CARREIRA.-DNI 76574210B

**CIG [13,89%]**

XOSÉ PAZ FERNÁNDEZ.- DNI 33322301Q

**Asesor**

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ.-DNI 76578117P

En Lugo, sendo as 12.30 horas do día 20 de xaneiro de 2022, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

**ACORDOS:**

**Primeiro.**- De conformidade co previsto no artigo 15 B) do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo, para os supostos nos que tivera lugar na anualidade un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.772 horas, cada traballador/a disfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 16 de maio de 2022
- 31 de outubro de 2022
- 7 de decembro de 2022
- 26 de decembro de 2022
- 4 horas na xornada do 30 de decembro de 2022

**Segundo.**- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con tanta información e documentación resulte necesaria.

**Terceiro.**- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2022 do Convenio Colectivo Provincial do Comercio de Metal de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de tanta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: Víctor Ferreiro Segade

Fdo.: Susana Gonçalves Correia

Fdo.: José Francisco Dorado López

Fdo.: José Eduardo Fernández Vila

Fdo.: Manuel Montouto Illán

Fdo.: Fernando Fernández Fernández

Fdo.: Luís Montouto Illán

Fdo.: Manuel Río Vidal

Fdo.: Sabela Gómez Carreira

Fdo.: Concepción Villar Varela

Fdo.: Ignacio Pérez de Oliveira

Fdo.: Héctor Carlos Ortega Sánchez

Fdo.: Juan Zas Candame

Fdo.: Carlos García Vázquez

Fdo.: Diego Barrios Carreira

Fdo.: Xosé Paz Fernández

Fdo.: Alfonso Losada Rodríguez

Lugo, 18 de febreiro de 2022.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0351

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

#### Anuncio

#### **PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 17 DE FEBREIRO DE 2022 POLA QUE SE DECLARAN CADUCADAS VARIAS LISTAXES DE ASPIRANTES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TEMPORAIS.**

A Presidencia de Deputación Provincial de Lugo, o día 17 de febreiro de 2022, ditou a seguinte resolución:

*“A Administración Pública ten encomendadas múltiples e variadas funcións que levan a cabo empregados públicos de diferentes ámbitos profesionais.*

*A relevancia e incidencia social das funcións encomendadas á Administración Pública fai necesario dar resposta á esixencia de que os seus empregados, que deben levar adiante, no ámbito de execución e operativas, as citadas funcións públicas sexan os máis axeitados posibles e, para o dito fin, deben ser seleccionados conforme a procedementos rexidos polos principios de mérito e capacidade.*

*Así mesmo, ao ser a Administración Pública a xestora dos intereses sociais xerais, os procedementos para o ingreso nela terán que respectar os principios de igualdade de todos os cidadáns no acceso aos postos convocados, a cuxo fin deberá darse a estes procesos a publicidade necesaria.*

*En definitiva, os procesos de acceso ao emprego público deben garantir os principios que se proclaman nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución.*

*Dende o ano 2007, na Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de facer compatible o cumprimento dos ditos principios, que deben rexer o proceso de acceso ao emprego público, e a resposta áxil, máxime nestes momentos que se debe acreditar a prioridade e urxencia, ás necesidades de incorporar efectivos con carácter temporal para atender situación conxunturais, previa consulta e negociación cos representantes do persoal, aprobáronse e puxéronse en funcionamento uns criterios que permiten a formación de listas de substitucións con aspirantes que participaron en procesos selectivos para funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que habendo superado as probas dos ditos procesos non resultaran seleccionados para o seu nomeamento como funcionarios de carreira ou contratados como persoal laboral fixo.*

*Co dito sistema deuse resposta ás necesidades da organización de mellorar a súa capacidade de resposta ás esixencias do servizo e de incrementar a eficiencia ao evitar a reiteración de procesos selectivos, innecesariamente, e así aforrar en procesos selectivos “ad hoc” para persoal interino ou contratado temporal; e tamén supuxo un beneficio para os aspirantes que aprobaron os distintos exercicios xa que non ven perdidos todos os esforzos de preparación do proceso selectivo e axuda a romper o círculo vicioso de que para traballar é necesario experiencia e de que si non se traballa non se pode adquirir.*

*Con todo a duración das citadas listas non pode ser longa pois podería entrar en conflito cos principios enunciados anteriormente, en particular o principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público, si as ditas listas de substitucións e acceso a emprego temporal e interino creasen unha bolsa de traballo que, sendo orixinariamente conxunturais, acabasen adquirindo notas de estruturalidade, en canto aos seus integrantes, xa que ademais supoñería a perda da oportunidade de renovar as competencias profesionais derivadas da incorporación de novos aspirantes con coñecementos máis actualizados, por ter cursado novas titulacións, en definitiva, con capacidades adquiridas a través dun sistema educativo, en permanente evolución. Por outra banda cabe salientarse que, ao terse producido nos últimos anos importantes modificacións na normativa legal que afecta ás Entidades Locais, resulta necesario asegurar que os aspirantes ao desempeño de determinado tipo de empregos públicos na Entidade provincial, nos que a actualización normativa é un requisito moi importante, están ao día nos novos requirimentos de coñecementos e saber facer derivados das citadas modificacións legais”.*

*Por tal motivo, tanto nos criterios aprobados inicialmente, como nas modificacións e refundicións, aprobadas por resolución da Presidencia, de 29 de setembro do 2009 e de 25 de novembro do 2011, concretamente no punto 3º do texto vixente, establécese a duración da lista e período de permanencia na mesma co seguinte texto : a) Duración das Listas : “(...) Poderá darse por caducada una lista cando polo transcurso do tempo ou por outras circunstancias se considere que se modificaron as características do posto de traballo a desempeñar ou as circunstancias do servizo. Neste suposto convocarase un novo proceso selectivo, seguindo os mesmos criterio que se enunciaron anteriormente. En calquera caso a permanencia nas listas revisarase aos 3 anos a contar dende o día seguinte a facelas públicas no Taboleiro de anuncios da Entidade, mediante nova convocatoria(...)”.*

*Analizadas as listas de substitucións, que a día de hoxe están en funcionamento na Entidade Provincial, pode constatarase que algunhas delas ou ben carecen de aspirantes ou xa teñen unha vixencia superior a 3 anos.*

*Atendendo ás ditas circunstancias, coa finalidade de actualizalas, tendo en conta o establecido pola normativa de aplicación, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a Presidencia **RESOLVA:***

*1º Declarar caducadas, con efectividade do día seguinte ó da publicación do seguinte decreto no Boletín Oficial da Provincia, as listaxes de aspirantes que participaron en procesos selectivos na Deputación Provincial de Lugo,*

para a prestación de servizos temporais, que teñan unha vixencia de tres anos ou superior, é dicir, as constituídas con anterioridade a ano 2019, que son as seguintes:

- Delineante (BOP 208 de 10.09.2018)
- Dinamizador xestión cultural (BOP 234 de 11.10.2018)
- Maquinista-condutor (BOP 289 de 17.12.2015, 253 de 4.11.2016, 295 de 26.12.2016)
- Peón/Peoa granxa (BOP 159 de 12.07.2017)
- Técnico comunicación audiovisual (BOP 234 de 11.10.2018)
- Técnico medio en turismo (BOP 37 de 15.02.2018)
- Xornalista (BOP 162 de 15.07.2016)

2º. *Publicar no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e demais efectos, esta resolución*”.

*Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:*

*Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes*”.

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o presidente da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no BOP ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 18 de febreiro de 2022.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0352

## CONCELLOS

### BURELA

#### Anuncio

#### EXPEDIENTE 1994/2021. ANUNCIO DE COBRANZA E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2022, prestouse aprobación inicial o PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLA TAXA DE MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA 2021-2022 segundo o disposto na Ordenanza Fiscal n.º 5 Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, así como nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/05 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento dos interesados que nas Oficinas Municipais deste Concello, e durante o período dun mes a contar a partir do seguinte día hábil ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, estará exposto ao público o padrón completo da taxa, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Contra a aprobación das liquidacións que nel se inclúen, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos:

1. Conforme ao disposto no artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados só poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

2. Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Igualmente advírtese que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

O período voluntario de cobramento de cada unha das cotas segundo a modalidade escollida na propia matrícula é o seguinte:

1º Plazo: dende o día 14 de febreiro de 2022 ata o día 15 de marzo de 2022, ambos os dous inclusive.

2º Plazo: dende o día 15 de marzo de 2022 ata o día 16 de maio de 2022, ambos os dous inclusive.

3º Plazo: dende o día 16 de maio de 2022 ata o día 15 de xuño de 2022, ambos os dous inclusive.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeran as cotas, iniciárase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Burela, 17 de febreiro de 2022.- O Alcalde - Presidente, Alfredo Llano García.

R. 0353

---

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

#### **PROCEDEMENTO: APROBACIÓN DUN PADRÓN FISCAL**

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 68/2022**

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xaneiro do 2022

Aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data do 17 de febreiro do 2022 o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xaneiro de 2022, polo importe total de 11.476,91 € (dependencia) e 241,20 € (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 18 de febreiro de 2022.- O Alcalde - Presidente da Corporación, Carlos López López.

R. 0354

---

## MEIRA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 17 de febreiro de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **6º bimestre do exercicio 2021**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 18 de febreiro de 2022 ao 18 de abril de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 17 de febreiro de 2022.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0355

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022**

Mediante Resolución de alcaldía número 2022 / 000179 de data 01/02/2022 resolveuse aprobar a OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE

MONFORTE DE LEMOS, de acordo coa normativa para o efecto.

Segundo o disposto no artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 204 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, procédese á publicación da oferta de emprego público do exercicio de 2022, constituída polas seguintes prazas:

- Funcionarios de carreira:

Grupo segundo o artigo 76 do RDL 5/2015: grupo A1, escala, Administración Especial, subescala Técnica.. Posto: arquitecto/a. Número de vacantes: unha.

Grupo segundo o artigo 76 do RDL 5/2015: grupo A2, escala, Administración Especial, subescala Técnica.. Posto: técnico/a de informática. Número de vacantes: unha.

Grupo segundo o artigo 76 do RDL 5/2015: grupo C1, escala, Administración Especial, subescala Básica. Posto: oficial policía Local. Número de vacantes: unha.

Grupo segundo o artigo 76 do RDL 5/2015: grupo C2, escala, Administración Xeral, subescala Auxiliar. Posto: auxiliar. Número de vacantes: dúas.

- Persoal laboral:

Nivel de titulación: diplomado o equivalente. Denominación do posto: Coordinador/a dos Servizos Sociais Municipais. Categoría. Traballador/a social. Número de vacantes: unha.

En Monforte de Lemos, a 3 de febreiro do 2022.- O ALCALDE, P.D. Decreto de data 01.02.2022 A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria Prada Rodríguez.

R. 0388

**NEGUEIRA DE MUÑIZ***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 16 de febreiro de 2022, aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego destinada a contratación de tractoristas para procesos de interinidade.

As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Negueira de Muñiz no prazo de cinco días hábiles a partires de publicación deste anuncio no BOP, segundo o establecido nas bases expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)).

En Negueira de Muñiz, a 16 de febreiro de 2022.- O Alcalde-presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 0356

*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía do 8/2/2022, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento Fomento do Emprego 2021, ao abeiro do cal se contratará, por un período de seis meses, a cinco "Peóns de Servizos múltiples". O prazo de presentación de instancias será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Negueira de Muñiz, sita na Praza Maior s/n, 27113 de Negueira).

En Negueira de Muñiz, a 9 de febreiro de 2022.- O Alcalde-presidente, José Manuel Braña Pereda.

R. 0357



POL  
Anuncio

**Oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal.**

Mediante acordo do Pleno da Corporación de data 18 de febreiro de 2022, aprobouse a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente ás prazas que a seguir se relacionan:

**Persoal Funcionario**

GRUPO/ SUBGRUPO	ESCALA	SUBESCALA	VACANTES	SISTEMA DE ACCESO
C/C2	Admón. Xeral	Auxiliar administrativo	1	Concurso
C/C2	Admón. Xeral	Auxiliar administrativo	1	Concurso-Oposición
C/C1	Admón. Xeral	Administrativo contable	1	Concurso-Oposición

**Persoal Laboral**

GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES	DATA DE ADSCRICIÓN
3	Traballadora social	1	Concurso
10	Peón de oficios múltiples	1	Concurso
10	Peón de oficios múltiples	1	Concurso
10	Peón de oficios múltiples	1	Concurso
10	Peón de oficios múltiples	1	Concurso
10	Limpadora	1	Concurso-Oposición

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de

réxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, publícase a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Pol.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interperse recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere máis conveniente ao dereito.

En Pol a 22 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0378

**RIBADEO***Anuncio***Expediente núm. 2168/2021****Resolución de Alcaldía núm. 2022-0116 do Concello de Ribadeo pola que se nomea persoal para cubrir o posto núm. 0501 da RPT municipal vixente, funcionario interino Celador de Inmobles Escolares por vacante.**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2022-0116 de data 15 de febreiro de 2022, efectúase o nomeamento de:

Identidade	DNI
José FOJO RODRIGUEZ	76564976-T

Características da praza:

Servizo/Dependencia	CEIP Gregorio Sanz
Ide. Posto	0501/RPT municipal vixente
Denominación do posto	Celador Inmobles Escolares
Natureza	Funcionario interino
Nomeamento	15/02/2022
Escala	Administración Xeral
Subescala	Subalternos
Clase/Especialidade	Conserxe-Celador.
Grupo/Subgrupo	E

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 16 de febreiro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0358

**TABOADA***Anuncio***CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR, CURSO 2021-2022**

Dase publicidade de que por Resolución de alcaldía de data 30 de decembro de 2021 se aprobaron as seguintes bases de convocatoria de axudas económicas aos desprazamentos co fin escolar, curso 2021-2022:

&lt;&lt;CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR, CURSO 2021-2022.

**1.-Obxecto.**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas aos desprazamentos co fin escolar dirixida ao alumnado empadroadado no Concello de Taboada para o curso 2021-2022, favorecendo o acceso aos centros de ensino público de Chantada e Monterroso mediante unha axuda nos gastos derivados da utilización de calquera tipo de transporte para acceder aos mesmos, nos municipio de Chantada e Monterroso para os seguintes estudos: Bachelato e FP/ciclos formativos.

**2.-Criterios.**

Concederase unha única axuda para todo o curso lectivo, que será aboada no mes de abril de 2022, con cargo á partida orzamentaria do estado de gastos do Orzamento de 2021 326.480.00 e que consistirá na contía fixa de 250,00 euros por todo o curso escolar.

No caso de que, á vista do número de solicitantes beneficiarios e unha vez concedidas as axudas polos importes establecidos no parágrafo anterior, se supera a contía total fixada na Disposición Final, as citadas contías reduciranse nun 10% do seu importe, sucesivamente e ata que se de cobertura á totalidade das solicitudes presentadas.

As persoas que estean cursando estudos en máis de un centro ou en máis dun municipio só poderán solicitar axuda para un deles.

### **3.-Beneficiario/as.**

3.1.-Poderán acollerse o alumnado empadroado no Concello de Taboada que curso os estudos de Bachelato e FP/ciclos formativos nos municipios de Chantada e Monterroso.

Ademais, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no Concello de Taboada.
- b) Estar empadroado a máis dun km de distancia do centro de estudos.
- c) Estar matriculado nun centro de ensino público.
- d) En función da natureza da subvención aplícase a excepción prevista no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos requisitos para obter a condición de beneficiario.

3.2.-Non poderán acollerse as persoas que se atopen nos seguintes supostos:

- Ter solicitada para o presente curso lectivo calquera outra axuda económica relacionada co desprazamento ao centro de ensino, ou ben estar matriculadas en cursos onde estean total ou parcialmente subvencionados os gastos de desprazamento.
- Cursar estudos de educación primaria ou secundaria ( ESO), ou infantil.
- Estar matriculados en centros privados ou públicos concertados.
- Cursar estudos con duración inferior a 6 meses.

3.3.-A efectos de dar traslado á axencia tributaria das axudas concedidas tomarase como beneficiario ao interesado/a ou o/a representante legal, no caso de minoría de idade, co seu correspondente número de identificación.

### **4.-Publicación das Bases e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde e asinadas polo solicitante, formularanse no modelo que figura como Anexo desta convocatoria e presentarase no Rexistro electrónico do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As solicitudes deberán presentarse no prazo máximo de 15 días hábiles a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Tamén se publicará na páxina web do Concello de Taboada a efectos informativos.

### **5.-Documentación a presentar.**

- a) Solicitud en modelo normalizado, conforma ao Anexo I.
- b) Certificado de conta bancaria, expedido pola entidade bancaria co nome do interesado/a ou titor /a legal.
- c) Volante de empadramento do/da solicitante.
- d) Certificado de estar matriculado/a no actual curso 2021-2022 e resguardo de matrícula.
- e) Declaración xurada de que non foron percibidas outras axudas polo mesmo concepto doutros Organismos e /ou Administracións Públicas e , no caso de percibilas, contía das mesmas ( Anexo II).
- f) Boletín de notas ou certificado de que o beneficiario/beneficiaria finalizou o curso. Deberá presentarse antes do 1 de xullo de 2022, sendo causa de reintegro da subvención percibida a non presentación do mesmo. Deberá asinarse no modelo de solicitud compromiso de presentación desta documentación no prazo establecido conforme a Anexo III.

### **6.-Procedemento.**

Analizaranse as solicitudes e elaborarse un informe proposta para a súa concesión ou denegación en función dos requisitos esixidos na presente convocatoria.

Unha vez fiscalizada pola Intervención municipal , a Alcaldía concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados, e a resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública da mesma na páxina web do Concello de Taboada e no Taboleiro de Anuncios municipal durante o prazo dun mes.

Deberá presentarse antes do 1 de xullo de 2022 o Boletín de notas ou certificado de que o beneficiario/beneficiaria finalizou o curso. A non presentación desta xustificación no prazo establecido para elo suporá o reintegro da subvención concedida.

### **7.-Disposición final.**

As axudas serán concedidas sempre co límite orzamentario da partida 326.480.00 do vixente Orzamento Municipal.

O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

**Anexo I- MODELO DE SOLICITUDES DE AXUDAS**

## AXUDAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR 2021/2022

REPRESENTANTE LEGAL (PAI/NAI/TITOR)	
D/Dª:	
DNI:	
ENDEREZO	
TLF	MAIL:
INTERESADO:	
ALUMNO/A:	
CURSO:	
CENTRO ESCOLAR:	
MUNICIPIO:	
CHANTADA	
MONTERROSO	
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:	
FOTOCOPIA DO DNI DO/A ALUMNO/A E DO REPRESENTANTE LEGAL	
VOLANTE DE EMPADROAMENTO	
CERTIFICACIÓN OU ACREDITACIÓN DE ESTAR MATRICULADO NO CURSO ACADÉMICO, EXPEDIDO POLO CENTRO DE ESTUDIOS CORRESPONDENTE; OU TOFOCOPIA DO RESGARDO DA MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR	
DECLARACIÓN XURADA DE NON PERCEPCIÓN DE AXUDAS POLO MESMO CONCEPTO DOUTROS ORGANISMOS/ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	
CAERTIFICADO DA CONTA BANCARIA PARA O INGRESO DA AXUDA CONCEDIDA, NO SEU CASO.	
POR TODO ISTO SOLICITO:	
QUE SE TEÑA POR PRESENTADOA ESTA INSTANCIA E OS DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á QUE SE PRESENTA ESTA PETICIÓN.	
Taboada,	
O/a representante legal/interesado/a	
Asdo:	

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA.

**Anexo II- DECLARACIÓN DE AXUDAS**

D./D<sup>a</sup>-----, titular do D.N.I. núm -----  
, como representante legal do/a menor/alumno/a-----

D./D<sup>a</sup>-----, titular do D.N.I. núm -----  
--, como interesado.

Que en relación coa convocatoria de axudas aos despazamentos co fin escolar do Concello de Taboada para o curso 2021/2022 para a que solicita axuda económica.

DECLARA:

Que non solicitou nin obtivo axudas polo mesmo concepto doutros organismos/administración públicas

Taboada,

O/a representante legal/interesado/a

Asdo:

**Anexo III- DECLARACIÓN PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA**

D./D<sup>a</sup>-----, titular do D.N.I. núm -----  
--, como representante legal do/a menor/alumno/a-----

D./D<sup>a</sup>-----, titular do D.N.I. núm -----  
, como interesado.

Que en relación coa convocatoria de axudas aos despazamentos co fin escolar do Concello de Taboada para o curso 2021/2022 para a que solicita axuda económica.

DECLARA:

Que antes do 1 de xullo de 2022 presentarei o boletín de notas ou certificado de que o beneficiario/a finalizou o curso, sendo causa de reintegro da subvención percibida a non presentación do mesmo.

Taboada,

O/a representante legal/interesado/a

Asdo

Taboada, 16 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0359

## MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ

*Anuncio*

### APROBACIÓN DEFINITIVA

A Xunta Plenaria da Mancomunidade da Terra Chá en sesión extraordinaria de 17 de novembro de 2021 acordou someter a información pública por un prazo de quince días hábiles a modificación do anexo de persoal do Orzamento municipal do ano 2021 en cumprimento do disposto en execución de sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Lugo. Esta modificación entenderase definitivamente aprobada se durante o devandito prazo non se presentan alegacións. E se se presentan, a Xunta Plenaria deberá resolvelas no prazo dun mes

Finalizado o prazo de información pública sen que fora presentada alegación ou reclamación algunha o referido acordo elévase automaticamente a definitivo.

Cospeito, 18 de febreiro de 2022.- O Presidente da Mancomunidade de municipios da Terra Chá, Armando Castosa Alvariño.

R. 0360

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XERMADE

*Anuncio*

Convocatoria pública de subvencions municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade de interese municipal, ano 2022.

BDNS (Identif.): 610871

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/610871>)

Convocatoria pública de subvencions municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade de interese municipal, ano 2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2022 aprobaronse as bases da convocatoria de subvencions que de seguido se transcriben:

### **BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE DE INTERESE MUNICIPAL, ANO 2022.**

#### **1.- DISPOSICIONES XERAIS.**

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencions municipais do Concello de Xermade, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio. (Ampárase no título competencial do artigo 25.2 l) e m) da lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local na redacción dada pola lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local -promoción do deporte e promoción da cultura-).

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencions son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencions.

A concesión das subvencions previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

#### **2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIONES.**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1- Promoción de actividades culturais: entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 334.489 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

2.2- Promoción de actividades deportivas: Neste apartado foméntanse o deporte escolar, cursos, competicións, campamentos deportivos, e en xeral, actividades relacionadas coa promoción do deporte.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase a partida 334.489 do orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

O crédito orzamentario destinado a subvencionar actividades reguladas nestas bases ascende a un total de 7.300€ (sete mil trescentos euros).

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2022.

Non se subvencionarán as actividades numeradas no artigo 19ª da Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade (BOP nº 45 do 24 de febreiro de 2007), ademais dos seguintes:

- Investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.
- Gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...).
- Os desprazamentos con fins lúdicos ou de espallamento.
- Actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal.
- Cantidades satisfeitas ó Concello de Xermade polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.
- Gastos relacionados con comidas, adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo e tabaco e outros produtos considerados lesivos para a saúde.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

### 3.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, que teñan a súa sede social no termo municipal do concello de Xermade e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- d) Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social
- e) Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios que leven a cabo actividades subvencionables de máis dunha das clases recollidas na Base 2ª, poderán solicitar subvención para cada unha delas.

### 4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse no prazo de un (1) mes a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

4.2.- A tramitación será telemática, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Xermade. A presentación producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polo presidente da entidade, ou por quen teña conferida a delegación, e acompañada de fotocopia do DNI.



2. Memoria explicativa de todas as actividades que se pretenden levar a cabo, indicando en cada unha delas os seguintes puntos:

- Duración
  - Lugares
  - Equipamento necesario para a súa realización
  - Persoal que se require para levar a cabo a actividade
  - Orzamento de gastos da actividade (financiamento de fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados)
3. Documento que acredite o número de socios, así como número dos mesmos no momento da solicitude.
4. Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as relacións co Concello.
5. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
6. Copia dos Estatutos da entidade, agás que xa os presentasen con anteriormente no Concello. Neste caso, farase constar expresamente na solicitude.
7. Fotocopia do CIF, agás que xa o aportase con anterioridade.
8. Declaración de non ter solicitada nin concedida ningunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.
9. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

#### **5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO.**

5.1.- Subvencións para actividades culturais: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este : 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanzamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo

5.2.- Subvencións para actividades deportivas: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este: 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanzamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo.

En base ós criterios anteriormente expostos, o órgano instructor formulará proposta motivada, que será sometida a informe da Comisión de Valoración.

A proposta do órgano instructor establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvencións ós diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos solicitantes, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

A suma global acadada será tida en conta para a concesión das subvencións do seguinte modo:

- De 20 a 15 puntos, poderase subvencionar ata un 80 % do orzamento.
- De 15 a 10 puntos, ata un 60 %

- De 10 a 5 puntos, ata un 40 %
- De 5 a 0 puntos, ata un 20 %

A contía total da subvención non superará os 1.000 euros por entidade.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade. Este suposto dará lugar a unha modificación da resolución de concesión.

#### **6.- ÓRGANO INSTRUTOR E ÓRGANO COLEXIADO.**

6.1.- O órgano instrutor será o técnico local de emprego do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada polo instrutor, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: os/as concelleiros/as delegados/as de cultura e facenda.

Secretaría: o/a secretario-interventor do Concello.

#### **7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.**

Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de catro meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ós interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

#### **8.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.**

Os beneficiarios das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requirida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmas contan con subvención do Concello de Xermade, coa expresión "Colabora Concello de Xermade".
4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Xustificar o gasto realizado como máximo o día 15 de novembro do ano 2022 de acordo co previsto nas presentes Bases.

#### **9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación na sede electrónica do Concello, como máximo ata o día 15 de novembro de 2022, do modelo normalizado que se facilitará no Concello, acompañado da seguinte documentación:

1º. Unha memoria das actividades desenvolvidas, acompañada dos documentos que xustifiquen a realización das mesmas (noticias de prensa, fotografías, trípticos, carteis, etc.). No caso de que non fose posible achegar algún destes documentos, xustificarse a súa ausencia.

2º. Certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.

3º. Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración do beneficiario de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención. Achegaranse tamén os xustificantes de pago (no caso de que o pago se realizase en efectivo, na factura constará o "recibín" asinado polo provedor).

- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.

- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

-Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

-Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

-Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

-Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.

-Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.

#### **10.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.**

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

#### **11.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2022.

Xermade, 10 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0361